



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2009,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Decreto polo que se crea o centro de día de maiores de Burela, no concello de Burela (Lugo)
- Decreto polo que se dispón o cesamento de María do Carme Adán Vilamarín como secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Ana Luisa Bouza Santiago como directora xeral do Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba a Regulamento de fundacións de interese galego
- Decreto polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego
- Decreto polo que se aproba o Plan de prevención de riscos laborais na Administración xeral da Xunta de Galicia
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia
- Decreto polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Abel Fermín Losada Álvarez como director xeral do Gabinete de Presidencia da Xunta de Galicia



## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Decreto polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos, do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de María Montserrat Prado Cores como delegada da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia na provincia de Pontevedra

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Decreto polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración de principio de igualdade nas políticas de emprego

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que aproba o Manual de instrucións para os membros das mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 1 de marzo

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Begonte á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

### **CONSELLERÍA DE PESCA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación que ten por obxecto a subministración dun helicóptero destinado ao salvamento marítimo e loita contra a contaminación no mar, para a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, mediante adxudicación por procedemento aberto



## INFORMES

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta sobre o Plan de Equipamento Tecnolóxico 2006-2009 nos diferentes centros do Servizo Galego de Saúde

### CONSELLERÍA DE VIVENDA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia das actuacións administrativas necesarias para solventar o problema de vivenda das familias afectadas no barrio de Celeiriño, no concello de Viveiro, polas obras de baleirado dun soar, dado o estado total de deterioración de vivendas e o perigo de derrubamento



## O CONSELLO APROBA O DECRETO POLO QUE SE CREA UN CENTRO DE DÍA DE MAIORES NO CONCELLO DE BURELA

- *O Goberno galego inviste máis de 170.000 euros no novo equipamento, que se integrará na residencia de maiores de Burela*
- *Este centro, que prestará atención diúrna, contará cunha capacidade máxima de 40 prazas*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que se crea o centro de día de maiores de Burela. Este centro, que prestará atención diúrna ás persoas maiores, estará integrado na residencia de maiores de Burela, de titularidade da Xunta de Galicia, e contará cunha capacidade máxima de 40 prazas. O Goberno galego inviste 174.000 euros neste novo equipamento.

O centro de día, que ten un orzamento de 174.000 euros, conta con 228 metros cadrados construídos e 180 metros cadrados útiles de superficie. Dispón de dúas salas polivalentes, un comedor, dous baños adaptados completos e comparte os servizos de cociña e rehabilitación coa residencia de maiores.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta, en atención ás necesidades das persoas maiores, acordou a creación deste centro de día de Burela para a atención diúrna dos maiores da zona. O novo centro de día intégrase na residencia de maiores de Burela, de titularidade da Xunta de Galicia, que tamén foi obxecto de obras de reforma para a súa mellora.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A NORMATIVA QUE INCREMENTA A AUTONOMÍA DAS FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO E REGULA O SEU REXISTRO

- *Supón afondar nos mandatos de modernización e avance do marco xurídico regulador da realidade fundacional galega previstos na Lei 12/2006, de fundacións de interese galego*
- *Tamén se regula a organización e o exercicio das funcións do protectorado da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Fundacións de Galicia*
- *Os datos do Rexistro de Fundacións de Interese Galego poderán ser consultados por calquera persoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia*
- *No actual rexistro constan inscritas 650 fundacións*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou hoxe dous decretos polos que se regulan as fundacións de interese galego, dotándoas de maior autonomía, e polo que se establecen as bases do Rexistro de Fundacións. Esta nova normativa supón afondar nos mandatos de modernización e avance do marco xurídico regulador da realidade fundacional galega previstos na Lei 12/2006 de fundacións de interese galego, e procura dotar as fundacións de máis autonomía de xestión, correlativa á maior responsabilidade na realización de fins de interese xeral e ao réxime de responsabilidade dos patróns e xestores. Ademais, estas normas pretenden potenciar a transparencia e publicidade da realidade fundacional galega, a promoción do bo goberno fundacional e a difusión de boas prácticas na xestión das fundacións de interese galego, así como impulsar o avance da calidade da actuación da Xunta de Galicia en relación coas fundacións de interese galego.

O Decreto polo que se regulan as fundacións de interese galego recoñece ás fundacións de interese galego como aquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñen suxeito de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia, e desenvolven principalmente as súas actividades e teñen o seu domicilio no territorio da Comunidade Autónoma galega. Tamén define o padroado da fundación como o órgano de goberno e representación desta e prevé a posibilidade de que este poida crear consellos asesores e de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais. A creación, modificación e supresión destes órganos e o nomeamento e cesamento dos seus órganos deberá inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Entre as principais novidades deste Regulamento está o amplo desenvolvemento das funcións do protectorado (órgano administrativo de control, apoio e asesoramento das fundacións), especialmente as súas funcións de apoio e asesoramento, continuando coa eliminación de prácticas excesivamente intervencionistas e cargas



administrativas ás fundacións de interese galego. Así por exemplo, suprímense certas limitacións excesivas na xestión económica das fundacións contempladas no anterior Decreto 248/1992, onde se establecía como preceptiva a autorización do Protectorado para o investimento en obras extraordinarias de conservación e reparación dos inmobles da fundación, ou ben, limitacións das operacións de crédito ou a prestación de servizos remunerados polas fundacións.

Por outro lado, refórzanse os mecanismos de coordinación e actuación homoxénea do tradicional protectorado múltiple da Xunta de Galicia, dende o ano 1983 o protectorado da Xunta é un protectorado múltiple, é dicir, cada Consellería desempeña as funcións de protectorado respecto das fundacións que ten adscritas en virtude dos fins destas. Ademais, créase a Comisión Técnica de Coordinación do Protectorado de fundacións da Xunta de Galicia, co obxecto de elaborar directrices e criterios unificados que contribúan á mellora da actuación de asesoramento e apoio ás fundacións de interese galego.

#### **Maior autonomía na xestión interna**

Outra novidade deste decreto regulador é o recoñecemento de maior autonomía na xestión interna das fundacións, eliminando prácticas excesivamente intervencionistas, como a determinación do quórum das reunións do Padroado -coa paradoxa de esixirse o mesmo quórum para a primeira e segunda convocatoria – ou as maiorías requiridas para a adopción de acordos por este. Correlativo ao citado recoñecemento de máis autonomía na xestión, innóvase un procedemento de exixencia de responsabilidade na realización de fins de interese xeral para Galicia, a través do procedemento de comprobación de actividades das fundacións.

Así mesmo, foméntase a transparencia das actividades das fundacións, co obxecto de contribuír a facilitar ao conxunto da sociedade galega dunha imaxe fiel da actividade das fundacións de interese galego, debendo publicar na súa páxina web a expresión dos fins fundacionais, as actividades proxectadas, así como as condicións e requisitos dos concursos e axudas que convoquen durante o citado exercicio.

No decreto regulase a organización e funcións do Consello Superior de Fundacións da Comunidade Autónoma de Galicia, como foro de diálogo permanente e de corresponsabilización das fundacións de interese galego e a Administración Autonómica en relación co mundo fundacional. Tamén complétase a regulación do sector público fundacional da Comunidade Autónoma de Galicia, clarificando o concepto de fundación do sector público de Galicia, incluíndo no procedemento de creación de fundacións do sector público a xustificación das razóns que xustifican a súa creación, que deben ser informadas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



Co Decreto créase, por primeira vez, un órgano técnico de coordinación da estrutura e actuación do sector público fundacional galego, que deberá emitir informe vinculante en relación con todas as propostas de participación da Xunta de Galicia e as entidades do sector público galego, en fundación de interese galego non integradas no sector público, tendo en conta a posibilidade da súa publicación posterior.

Por outro lado, régúlase a contratación de persoal das fundacións do sector público dispoñendo que o persoal ao servizo das fundacións do sector público e o persoal de alta dirección estará suxeito a avaliación conforme aos criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos fixados. Finalmente, para garantir a visibilidade social e a plena transparencia da actuación das fundacións, todas as fundacións do sector público de Galicia que se creen, incluírán na súa denominación a súa condición de fundación pública galega.

### **Rexistro de Fundacións de Interese Galego**

O Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego vén substituír unha regulación mínima do Rexistro de Fundacións que constaba en cinco artigos do regulamento do protectorado. A través desta nova norma, poténciase a configuración do Rexistro de fundacións de interese galego como un rexistro xurídico-público de eficacia constitutiva, con plena garantía da publicidade rexistral.

Así mesmo, a través deste regulamento non só se establece unha regulación autónoma, exhaustiva e clarificadora do labor rexistral, senón que se sentan as bases para a plena xestión telemática do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, de tal modo que as fundacións podan presentar as súas contas anuais, plan de actuación, legalización de libros, etc. por medios telemáticos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

En paralelo a este labor de mellora do marco normativo das fundacións de interese galego, a Xunta de Galicia, na práctica administrativa, xa está a impulsar a racionalización e mellora da labor do protectorado e o rexistro de fundacións mediante o envío de circulares periódicas aos distintos protectorados, a colaboración co Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas do Ministerio de Economía e Facenda para a elaboración de modelos de contas anuais adaptados á nova normativa contable, etc.

No actual Rexistro de Fundacións de Interese Galego constan inscritas 650 fundacións, das que 161 non acreditan realización de actividades nos últimos anos, do que resultan como Fundacións inscritas e con actividade un total de 485. Nos últimos 5 anos -en concreto dende o 1 de xaneiro de 2003 ata a data- constituíronse



135 fundacións de interese galego (36 no ano 2003; 28 no 2004; 22 no 2005; 22 no 2006; 19 no 2007; 16 no 2008 e 14 que están en proceso de constitución).

Así mesmo, do número total de fundacións que constan rexistradas, son fundacións do sector público de Galicia, de acordo coa definición contida no artigo 58 da Lei 12/2006, de 1 de decembro de fundacións de interese galego, un total de 66 fundacións, cuxas funcións de protectorado están atribuídas a 12 departamentos da Xunta de Galicia.

### **Modernización completa do marco regulador das fundacións de interese galego**

Na presente lexislatura produciuse a modernización completa do marco regulador das fundacións de interese galego mediante a aprobación da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e, no día de hoxe, dos seus decretos de desenvolvemento, derogando integramente o anterior marco regulador das fundacións de interese galego integrado pola Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.





## **APRÓBASE O PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Decreto polo que se aproba o Plan de Prevención de Riscos Laborais na Administración xeral da Xunta de Galicia, que entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no DOG. O ámbito de actuación e aplicación será o persoal ao servizo da Administración da Xunta, salvo o dos centros educativos, o das institucións sanitarias e o dos entes públicos e das fundacións.

O obxectivo fundamental do plan é integrar a seguridade e saúde laboral no sistema xeral de xestión da Xunta de Galicia, e fomentar unha cultura preventiva que redunde nunha mellora da calidade dos servizos ofrecidos á sociedade. Este plan é a culminación das prácticas, experiencias e procesos desenvolvidos nestes últimos anos no eido da seguridade e saúde laboral e evidencia o compromiso do Goberno galego a favor da seguridade e da saúde dos traballadores.

O plan de prevención contén unha serie de capítulos onde se recolle a política en materia de seguridade e saúde laboral e nel detállanse os principios e compromisos que se van seguir en todas as actividades, procesos e servizos dos diferentes departamentos. Tamén se definen as responsabilidades dentro da estrutura administrativa co establecemento dos diversos procedementos que se deben seguir.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é a encargada de dar a coñecer, implantar, actualizar e revisar a política de seguridade e saúde laboral, a cal detalla os principios e compromisos aplicables a todas as actividades, procesos e servizos implicados. Para a consecución desta política é preciso identificar os perigos e realizar un control e unha avaliación de riscos dos postos de traballo. Disto encargárase o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Consellería de Presidencia. O Decreto tamén establece a necesidade de identificar e manter ao día un rexistro dos requisitos europeos, nacionais, autonómicos e locais en prevención de riscos laborais.

A Consellería de Presidencia tamén planificará anualmente e impartirá formación en materia de seguridade e saúde laboral partindo dunha avaliación de necesidades. Este departamento promoverá ademais a información neste eido. En canto á vixilancia da saúde, a consellería encargárase de garantir a vixilancia periódica do estado de saúde dos traballadores en función dos riscos inherentes ao seu traballo, dos derivados das condicións deste, das circunstancias persoais, da carga global de traballo e das características propias de cada sexo.



## O CONSELLO APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE XORNALISTAS DE GALICIA

- *Afondará na mellora das condicións en que desenvolven o seu traballo e garantirá a independencia e liberdade informativa*
- *Poden inscribirse os licenciados en xornalismo e os de imaxe ou comunicación audiovisual que acrediten que están a desenvolver labores informativos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os estatutos do Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia. Segundo o decreto, as súas funcións serán afondar na mellora das condicións en que estes levan a cabo o seu traballo; a defensa profesional dos seus membros; garantir a independencia e liberdade informativa; defender, de acordo coa Constitución, o dereito á liberdade de información e expresión; salvagardar a sociedade de informacións que tendan a deformar voluntariamente a realidade dos feitos; e defender o segredo profesional e a aplicación da cláusula de conciencia.

O seu ámbito de actuación será Galicia, e a súa lingua, o galego. Para colexiarse hai que estar en posesión do título de licenciado en xornalismo, para o que habilitan as titulacións correspondentes das facultades de Ciencias de Información, Ciencias de Comunicación e Ciencias Sociais. Tamén poderán ser membros os licenciados en imaxe ou comunicación audiovisual que acrediten que están a desenvolver labores informativos.

Así mesmo, poderán inscribirse os alumnos que teñan superado o primeiro ciclo de xornalismo, aínda que non adquiriran plenos dereitos de colexiados ata que non rematen os seus estudos.

### **Dereitos e deberes**

O texto establece que os membros do Colexio terán, entre os seus dereitos, a defensa dos seus dereitos profesionais ante autoridades e empresas; a atención, por parte da Xunta de Goberno, ante un conflito que ameace a continuidade do exercicio da profesión; ser elector ou elixido para ocupar cargos nos órganos directivos; utilizar todos os servizos que establece o Colexio; utilizar os servizos de asesoramento xurídico; ter coñecemento da marcha da entidade; participar nas súas asembleas; e presentar nos órganos de goberno escritos de suxestións, peticións, queixas ou amparo.

No que se refire aos seus deberes, inclúen exercer a profesión conforme a ética periodística e manter o segredo profesional; cumprir o disposto polos estatutos e pola Xunta de Goberno, as asembleas e o Pleno Territorial; comparecer diante da Xunta de Goberno ou as súas comisións; comunicar calquera cambio de enderezo ou de condición profesional; e aboar as cotas correspondentes.



Os colexiados poderán solicitar a suspensión voluntaria e por un prazo de tempo establecido da súa condición de colexiados. Esta suporá a perda dos dereitos establecidos nos estatutos, pero non a obriga de dar cumprimento aos deberes, a excepción do pagamento das cotas. A condición de colexiado perderase por defunción, por baixa voluntaria, por non pagar as cotas ou por sanción disciplinaria.

### **Réxime disciplinario**

O Pleno Territorial poderá impoñer sancións aos colexiados logo de instrución dun expediente disciplinario. Neste sentido, serán faltas leves as accións ou omisións que revelen negligencia no cumprimento dos deberes colexiais establecidos nos estatutos. Poderán ser sancionadas cunha amoestación privada –feita polo decano- ou cunha advertencia escrita da cal quedará constancia no expediente do colexiado.

Serán faltas graves as accións ou omisións que comporten o incumprimento manifesto dos deberes colexiais ou das que deriven prexuízos para outros compañeiros, para a economía ou o prestixio do Colexio ou para a dignidade da profesión xornalística; así como a reincidencia nun feito sancionado como falta leve. Serán sancionadas cunha amoestación pública interna ou coa suspensión do exercicio dos dereitos colexiais por un período de tempo non superior a un ano.

Por último, serán faltas moi graves o exercicio do xornalismo cando encubra deliberadamente unha actividade publicitaria, a reincidencia nun feito sancionado como falta grave e o incumprimento das normas deontolóxicas do Colexio. Poderán ser sancionadas coa suspensión do exercicio dos dereitos colexiais por un período de tempo de entre un e cinco anos e, no caso de reincidencia, poderá chegarse á expulsión do Colexio.

### **Organización**

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia está constituída polo decano, un vicedecano, un secretario, un tesoureiro e entre catro e oito vogais. As súas funcións son a dirección, a administración e o goberno do Colexio; cumprir e facer cumprir os acordos da Asemblea Xeral e do Pleno Territorial; e dar apoio aos colexiados nas súas aspiracións profesionais.

O Pleno Territorial está composto pola Xunta de Goberno e un representante de cada unha das sete demarcacións (A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo). Ten entre as súas funcións aprobar os orzamentos –que se someterán á Asemblea Xeral, composta por todos os membros do Colexio-, propoñer actividades e trasladar as suxestións das asembleas de demarcación.



Ao decano correspóndelle a representación legal do Colexio, convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno e velar polo cumprimento dos seus acordos e autorizar pagamentos, entre outros.



## A XUNTA ADAPTA O REGULAMENTO DO IMPOSTO DE CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA ÁS NOVAS TARIFAS APROBADAS NOS ORZAMENTOS

- *O Consello aproba a adaptación do regulamento de aplicación do imposto tras os cambios na escala de tarifas e o aumento nos tipos de gravame*
- *O mínimo exento pasa de 1.000 a 100 toneladas de emisións, e os tramos do imposto pasan de catro a oito*
- *Os cambios no imposto de contaminación atmosférica enmárcanse na política económica do Goberno galego, permiten avanzar na fiscalidade medioambiental e no impulso dun modelo de desenvolvemento sustentable*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as modificacións do regulamento sobre o imposto de contaminación atmosférica (ICA), de tal xeito que se adapta o dito regulamento aos cambios introducidos na Lei do imposto. Os cambios foron aprobados nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2009, nos cales se establece unha nova escala de tarifas e se prevé a utilización de medios tecnolóxicos na aplicación do tributo. O cambio na tarifas permiten dotar o imposto de contaminación atmosférica dunha maior progresividade; e avanzar na política económica desenvolvida polo Goberno galego para acadar un modelo de desenvolvemento sustentable. A reforma impulsada pola Consellería de Economía e Facenda, basease no principio de quen contamina paga; e tamén na procura da mellora do ambiente desincentivando actuacións contaminantes. Neste sentido, a modificación do imposto enmárcase nos instrumentos de fiscalidade ambiental xunto coa Lei do Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, aprobada o pasado mes de novembro.

A modificación do imposto adapta a escala de tarifas á realidade das emisións á atmosfera das industrias situadas en Galicia, diminuíndo o mínimo exento e aumentando tanto o número de tramos como os tipos que gravan as ditas emisións. O mínimo exento pasa dos 1.000 a 100 toneladas anuais; e pásase de catro a oito tramos de base segundo a seguinte escala:

Emisión (en Tm)	Tipo de gravame (euros)
-De 0 a 100	0 €
-De 100 Tm. ata 1.000	36 €
-De 1.000 ata 3.000	50 €
-De 3.000 ata 7.000	70 €
-De 7.000 ata 15.000	95 €
-De 15.000 ata 40.000	120 €
-De 40.000 a 80.000	150 €
-De 80.000 en diante	200 €



A modificación da tarifa supón na práctica a modificación das obrigas de presentar a declaración de alta, a autoliquidación mensual e o valor de emisión a partir do cal se vai producir a alta no rexistro de focos emisores. Así, establécese que non estarán obrigados a presentar as autoliquidacións mensuais os suxeitos pasivos que non superen as 80 toneladas emitidas; e que a inscrición no rexistro será obrigatoria para os focos emisores que superen as 80 toneladas anuais das substancias contaminantes gravadas (dióxido de xofre e nitróxeno). Por último, mediante a modificación do regulamento ábrese a posibilidade de utilizar medios tecnolóxicos na aplicación do tributo, para a presentación e pagamento telemáticos.

### **Modificacións en taxas e prezos**

O decreto aprobado hoxe tamén inclúe outras modificacións en materia de taxas e prezos como consecuencia dos cambios incluídos na Lei de Orzamentos para 2009. Así, establécese o procedemento nos chamados beneficios fiscais rogados -aqueles solicitados polo contribuínte e de concesión pola Administración- en dous casos que son, en primeiro lugar, as deducións aplicables nas inspeccións sanitarias de matadoiros, salas de despezamento e salas de transformación de caza; e, en segundo lugar á exención nos ditames dos Comités Éticos de Investigación Clínica de Galicia. O decreto aprobado hoxe modifica o Decreto 61/2005 para establecer as especialidades procedementais nestes beneficios co respecto á norma xeral contida no regulamento de aplicación dos tributos.

Por outra banda, aplícase a taxa por servizos profesionais, por actuacións profesionais, a un suposto de prestación de servizo por Augas de Galicia. Este suposto é a dirección de contratos de servizo de apoio á dirección de obras hidráulicas, que ten un procedemento idéntico ao establecido noutras tarifas, polo que se considera adecuado e se adopta o mesmo procedemento de exacción.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS DE NOVA CONSTRUCIÓN

- *O obxectivo deste decreto é mellorar a eficiencia enerxética das vivendas ao tempo que se mellora a súa calidade construtiva e se promove o aforro doméstico*
- *Todos os edificios de uso residencial serán avaliados desde o punto de vista de eficiencia enerxética e esta avaliación plasmarase nun certificado de calidade enerxética que emitirá a Administración pública*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o decreto polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción. O obxectivo desta nova normativa é conter o consumo e promover o aforro enerxético doméstico, fomentar o investimento en medidas de eficiencia enerxética nas vivendas ao tempo que se introducen melloras substantivas na súa calidade construtiva, así como sensibilizar sobre o uso racional dos recursos enerxéticos nos fogares.

O decreto vai permitir a todos os usuarios e compradores dunha vivenda de nova construción coñecer con exactitude o grao de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda en que quere residir. A partir da entrada en vigor deste decreto todos os edificios de uso residencial serán avaliados desde o punto de vista de eficiencia enerxética e esta avaliación plasmarase nun certificado de calidade enerxética que emitirá a Administración pública. Esta certificación será o selo de garantía de que o edificio cumpre a normativa en vigor en materia de eficiencia enerxética e informará o usuario da vivenda da súa calidade enerxética.



## UN TOTAL DE 20.000 EMPRESAS GALEGAS CONTARÁN CON SUBVENCIONES PARA IMPLANTAR POLÍTICAS DE IGUALDADE

- *A Administración autonómica convocará anualmente axudas para favorecer a implantación e aplicación das medidas e ferramentas en prol da igualdade no eido político, económico e laboral*
- *As empresas que obteñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade terán preferencia na adxudicación de contratos coa Comunidade Autónoma*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, así como a concesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade. A previsión da Consellería de Traballo é que preto de 20.000 empresas se beneficien dalgunha das medidas a prol da igualdade reguladas neste decreto.

A aprobación deste decreto vén a dar cumprimento ao desenvolvemento da Lei 2/2007 de marzo de 2008 do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e a Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

O plan de igualdade na empresa é un conxunto de medidas que comprometen a fixación de obxectivos concretos, a elaboración dun código de boas prácticas na organización do traballo, o establecemento de sistemas de control sobre o cumprimento e a transparencia da súa implantación.

Para promover a implantación desta ferramenta, a Administración autonómica convocará anualmente axudas para as empresas, especialmente dirixidas ás pequenas e medianas empresas con limitados recursos económicos, para que estas elaboren ou implanten un plan de igualdade de xeito voluntario, como consecuencia dun acordo coa representación legal dos traballadores e en cumprimento dunha obriga establecida nun convenio de ámbito superior á empresa.

Nese senso, consideraranse conceptos subvencionables ata o 100% dos custos íntegros da diagnose previa da realidade desde a perspectiva de xénero; a contratación dunha traballadora ou traballador con experiencia en materia de igualdade, co obxecto de asesorar na súa elaboración e aplicación (tamén se estipula unha axuda de ata o 10% do importe derivado da contratación dunha empresa externa especializada en materia de igualdade); e ata o 100% dos custos derivados da reorganización da empresa pola aplicación do plan de igualdade ou da adaptación das instalacións da empresa. Tamén se estipularán axudas para a asistencia a cursos de formación en igualdade.





Pola contra, os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, e as entidades de dereito público (vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma). Asemade, os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade que, ao carecer de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración galega tamén deberán contar cun plan de igualdade. Estas entidades deberán acometer os custos dos plans cos seus propios orzamentos.

### **Marca Galega de Excelencia en Igualdade**

En virtude do decreto aprobado hoxe, queda regulada a concesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, que ten por obxectivo distinguir ás empresas referentes na implantación de políticas de igualdade na súa estratexia corporativa.

A obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade permitirá ás empresas, ademais da propia utilización do logotipo, coa especificación do ano no que está vixente, ter preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma, sempre que as proposicións presentadas igualem en termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación

Para poder conseguir o distintivo, as empresas deberán presentar un balance ao departamento da Administración autonómica competente en materia de Traballo, no que se indiquen os parámetros de igualdade real existentes na súa organización e o seu funcionamento con respecto ás relacións de traballo e á publicidade dos produtos e servizos prestados pola empresa.

Na concesión desta Marca teranse en conta os seguintes parámetros:

- a existencia dunha adecuada representación de mulleres na totalidade dos grupos e categorías profesionais, incluíndo o persoal de alta dirección, ou, noutro caso, a adopción de medidas de acción positivas no acceso ao emprego e na promoción interna en empregos ou en niveis onde as mulleres estean infrarrepresentadas, evitando criterios de promoción ou criterios en caso de igualdade de méritos que resulten discriminatorios para as mulleres;
- as garantías efectivas da igualdade de retribución;
- as garantías e as melloras dos dereitos de conciliación de traballadores e traballadoras, incluíndo, de ser o caso, habilitar lugares adecuados de repouso para as traballadoras embarazadas, salas de lactación e gardarías na empresa, ou apoios económicos para o uso de gardarías;
- a implantación de medidas de prevención e de sanción adecuada do acoso sexual e do acoso moral por razón de xénero;
- a publicidade non sexista dos produtos e servizos da empresa.



### **Medidas concretas de promoción da igualdade**

No decreto tamén se recolle unha liña de apoio económico para a adopción de medidas concretas de promoción da igualdade. Estas axudas de convocatoria anual están dirixidas ás empresas galegas, para que procedan a implantación de medidas concretas de promoción de igualdade incluíndo accións de responsabilidade social.

Tamén están previstas accións de apoio e asesoramento para a adopción de plans de igualdade ou de medidas concretas de promoción da igualdade. As empresas poderán solicitar apoio técnico e asesoramento xurídico necesario á Unidade Administrativa de Igualdade, dependente na actualidade da Consellería de Traballo.

### **Colaboración cos axentes sociais**

A fin de favorecer a adquisición de coñecementos teóricos e prácticos en materia de igualdade, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, segundo as correspondentes ordes anuais de convocatoria, subvencionará a contratación de persoas expertas docentes que impartan módulos formativos en materia de igualdade na formación para o emprego en organizacións sindicais e empresariais de Galicia.

As subvencións cubrirán o 100% dos custos sociais derivados da contratación dos traballadores ou traballadoras con especialización en igualdade ao obxecto de impartir a formación en materia de igualdade e coresponsabilidade familiar e doméstica.



## **A XUNTA APROBA O MANUAL DE INSTRUCCIÓN PARA OS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NA XORNADA ELECTORAL DO 1 DE MARZO**

- *Este manual inclúe instrucións detalladas sobre cada unha das fases do día das eleccións, para que poidan realizar con eficacia o seu cometido*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, tras a súa revisión previa pola Xunta Electoral Central, o modelo de manual para os membros das mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 1 de marzo de 2009. En total serán 40.000 exemplares repartidos entre os titulares das mesas electorais, os suplentes e o material de reserva destinado a concellos, delegacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, xuntas electorais de zona, xuntas electorais de provincia e a Xunta Electoral de Galicia.

Este manual vai dirixido ás persoas que resulten designadas por sorteo para formar parte dunha mesa electoral nos vindeiros comicios, co fin de que se familiaricen co seu labor como membro dunha mesa, de xeito que poidan desempeñar con eficacia o seu cometido.

O primeiro punto do manual versa sobre as mesas electorais e os seus membros, e nel explícase por que se designan cidadáns como membros das mesas e como se fai, a composición e funcións das mesas electorais, e os dereitos e obrigas dos membros das mesas.

Así mesmo, inclúese unha descrición detallada das distintas fases da xornada electoral desde as 8,00 h. ata o remate do escrutinio, con instrucións precisas e concretas do labor que deben desenvolver os membros da mesa.

A primeira fase é a constitución da mesa electoral (desde as 8,00h. que se celebra a reunión no local ata a redacción da acta de constitución da mesa electoral as 8,30h.). A segunda fase é a de votación (desde a apertura do colexio electoral as 9,00 ata a finalización da votación ás 20,00h). E por último, descríbese a fase de escrutinio (na que se realiza o escrutinio de votos, a redacción das actas de escrutinio e de sesión e a preparación da documentación).



## O CONCELLO DE BEGONTE INCORPÓRASE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE GALICIA

- *A día de hoxe hai 37 concellos adheridos á Axencia*
- *Este concello lugués delega na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo*
- *A APLU é un ente público consorciado ao cal os concellos se incorporan de xeito voluntario*

O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e o Concello de Begonte (Lugo), para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral, polo que a día de hoxe hai un total de 37 concellos adheridos á Axencia.

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, o Concello de Begonte delega na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ás administracións municipais.

### **Funcións da APLU**

A APLU é un ente público consorciado do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. O seu cometido é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as



súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.



## **A XUNTA AUTORIZA INICIAR OS TRÁMITES PARA A ADQUISICIÓN DO TERCEIRO HELICÓPTERO PARA O SERVIZO DE GARDACOSTAS**

- *A nova aeronave terá a súa base operativa na Costa da Morte, concretamente na localidade de Cee, onde se construírá un heliporto e as instalacións necesarias para albergalo*
- *O orzamento destinado á compra do helicóptero ascende a un total de 13.420.000 euros, que serán distribuídos nas anualidades 2009, 2010 e 2011*
- *O helicóptero deberá ter a máxima velocidade posible e a maior autonomía, a capacidade de transportar polo menos oito pasaxeiros e contar con centros de mantemento en España*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de contratación que ten por obxecto a subministración dun helicóptero destinado ao salvamento marítimo e á loita contra a contaminación mariña, que será a terceira aeronave co que conte o Servizo de Gardacostas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. O aparello terá a súa base operativa na Costa da Morte, en concreto na localidade de Cee, onde se construírá un heliporto para albergalo. A contratación realizarase mediante a adxudicación por procedemento aberto e tramitación anticipada e cuxo orzamento de investimento será de 13,4 millóns de euros, distribuído en tres anualidades: 4.026.000 euros en 2009, 1.342.000 en 2010 e, finalmente, 8.052.000 euros en 2011.

O Servizo de Gardacostas dependente da Administración pesqueira galega ten entre as súas funcións as de coordinación das competencias en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, a elaboración do plan de continxencias por contaminación mariña accidental, a prevención deste tipo de contaminación, así como funcións de programación, planificación e control das accións de vixilancia e inspección pesqueira. Para a realización das tarefas de salvamento e rescate dispón na actualidade, principalmente, de dous helicópteros modelo S-76 C+ SAR Sikorsky, un con base no aeroporto de Vigo, o Pesca 1, e outro con base no heliporto de Celeiro (Viveiro-Lugo), o Pesca 2. Ademais, conta con medios marítimos, persoais e materiais para a execución de todas as accións que ten asignadas.

Segundo establece o expediente autorizado hoxe polo Goberno galego, o novo helicóptero terá un uso polivalente co fin de rendibilizar ao máximo a súa adquisición. Deste xeito, ademais dos labores de salvamento marítimo, fixaráselle misións relacionadas coa busca e o salvamento, vixilancia e inspección pesqueira, control de verteduras no mar, apoio á frota pesqueira e mercante, apoio á frota marítima, traslado de equipos e material no caso de interese xeral, evacuacións médicas e calquera outro apoio aéreo necesario para a seguridade da vida humana.



### **Prego de cláusulas**

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación para a subministración da aeronave deberá incluír, entre outras cuestións, que o prazo de execución do contrato sexa de dous anos e a recepción do helicóptero exixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de conformidade dentro do mes seguinte de terse producido a contratación.

Así mesmo, establece que o prazo de garantía do aparello ten que ser de dous anos, contado a partir do día seguinte ao da data da recepción de conformidade da subministración do obxecto do contrato. Tamén concreta que a entrega do helicóptero deberá realizarse na instalación aeroportuaria galega que se determine no seu momento.

### **Requirimentos técnicos do novo helicóptero**

Segundo os requirimentos técnicos que establece o expediente, a nova aeronave coa que conte a Consellería de Pesca deberá ter a máxima velocidade posible para traballos de salvamento co fin de diminuír o tempo de reacción para aquelas emerxencias en que o máis importante é chegar ao lugar onde se produce no menor tempo posible. O helicóptero necesitará tamén o máximo raio de acción e polo tanto a maior autonomía posible.

Así mesmo, entre os requisitos exixidos neste expediente están o de que deberá ser deseñado e fabricado de acordo coas características establecidas polas normas EASA/FAR-29 e JAR-OPS 3, requiridos pola Dirección Xeral de Aviación Civil española.

Ademais, establécese que o helicóptero deberá ser novo e atoparse actualmente en produción, e non poderá ser nin un excedente nin preserie. Tamén serán novos e actualmente en fabricación os equipos de aviónica, misión e calquera outro que se instale no aparello, co fin de que se garanta unha longa vida operacional deles.

Por outra banda, a aeronave deberá ter capacidade para transportar, como mínimo unha tripulación de catro persoas e máis de oito pasaxeiros. Deberá estar dotada con material de salvamento como balsas para a tripulación, chalecos salvavidas, bengalas, balsas adicionais para botar ao mar no caso de rescate de náufragos e independentes das dedicadas para a tripulación.



Entre outras especificidades, o expediente fixa tamén que o aparello ten que contar cun sistema de protección meteorolóxica e de protección contra o lume, e contará con completos sistemas de iluminación, navegación e comunicacións.

### **Equipamentos de misión obrigatorios**

Entre o equipamento obrigatorio de que deberá dispor o novo helicóptero destacan o guindastre de rescate eléctrico dotado de embrague, sen limitación de ciclos de izado, e as proteccións necesarias que impidan danos ao cable do guindastre e a fuselaxe durante as operacións. Tamén terá que dispoñer dun sistema FLIR de busca e detección por infravermellos e televisión de nivel de luz de baixa intensidade con posibilidade de gravar a imaxe; cun faro de busca de 15 millóns de candelas; dúas ventás tipo burbulla, situadas a cada lado do helicóptero; puntos de alimentación eléctrica en cabina; equipo de megafonía externa; e dúas balsas salvavidas, entre outros.

### **Mantemento en España**

Segundo establece o expediente respecto do mantemento do novo helicóptero e co fin de minimizar os tempos de paradas para revisións e reparación de avarías que se poidan producir, o modelo que se seleccione deberá dispor en España de centros de mantemento certificados pola Dirección Xeral de Aviación Civil española.





## O PLAN DE EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO DA XUNTA DE GALICIA PERMITIU O INVESTIMENTO DE CASE 50 MILLÓNS DE EUROS, O QUE REPRESENTA O 82 POR CENTO DO TOTAL

- *Con esta estratexia o Goberno galego procura superar a obsolescencia do equipamento tecnolóxico dos hospitais do Servizo Galego de Saúde*
- *Este plan permitiu adquirir 356 equipos de monitorización, 181 respiradores, 51 equipos de radioloxía convencional, 46 de alta tecnoloxía, e oito ecógrafos*
- *Para este ano 2009, está previsto un investimento superior aos 10 millóns de euros*

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre o grao de execución do Plan de Equipamento Tecnolóxico de Galicia 2006-2009 que permite facer fronte ao nivel de obsolescencia que había nos hospitais públicos galegos no ano 2005. Actualmente está executado xa o 82,27 por cento, ou o que é o mesmo, xa se teñen investido 49.651.646 euros.

Nesta cantidade inclúense máis de 17 millóns de euros para a dixitalización da imaxe médica, completando así en tres anos unha das liñas de actuación deste plan, e dotando a cada un dos 14 hospitais públicos de Galicia do equipamento necesario para arquivar a imaxe médica en soporte dixital.

Así, no ano 2006 investíronse 7,6 millóns de euros; 12,79 no ano 2007, e 11,53 millóns de euros no ano 2008. De acordo con esta planificación, neste ano 2009 investiranse 10,703.582 euros, ata completar os 60.355.228 euros do Plan de Equipamento Tecnolóxico da Sanidade pública galega.

Este Plan xurdiu tras detetar un investimento nulo en equipamento tecnolóxico nos anos 2003 e 2004, e unha achega de pouco máis de seis millóns de euros no ano 2005, cantidade insuficiente para facer fronte ás verdadeiras necesidades de renovación e superación dos niveis de obsolescencia do equipamento dos centros do Servizo Galego de Saúde.

O Plan de Equipamento Tecnolóxico do Servizo Galego de Saúde, que contou na súa elaboración coa participación directa de preto de 200 profesionais de todos os ámbitos implicados, ten como fin ordenar e substituír os equipos tecnolóxicos pertencentes a 15 modalidades diferentes, dentro de catro grandes áreas de importancia crucial para os hospitais como son o diagnóstico por imaxe, as urxencias, as unidades de críticos e a reanimación.



### **Resposta ás necesidades de saúde actuais e futuras de Galicia**

Os obxectivos deste plan son, por un lado, a incorporación e renovación de tecnoloxías de maneira priorizada e ordenada para garantir equidade e estabilidade financeira e, por outro, dar resposta ás necesidades de saúde concretas da Comunidade Autónoma, tanto actuais como futuras.

Así mesmo, grazas a este plan, estase a alcanzar e manter un nivel tecnolóxico adecuado mediante unha combinación equilibrada entre a renovación continua do equipamento instalado e a introdución de novas tecnoloxías. Ademais, estase a homoxeneizar a dotación dos hospitais en función das súas necesidades asistenciais, mediante unha estratexia de dotación baseada en estándares da poboación, tecnolóxicos e estruturais.

Por último, o Plan permite optimizar a relación calidade/prezo nos concursos de adquisición de equipamento, grazas aos volumes de compra.

Cómpre destacar que a introdución, actualización e substitución do equipamento instalado baseouse nunha análise multifactorial onde o obxectivo foi desenvolver un proxecto de dotación se baseou en estándares xerados a partir dunha visión global, clínica e de xestión. Estes estándares xurdiron da conxunción das necesidades establecidas polos clínicos, os servizos de mantemento e electromedicina e as xerencias; das necesidades, estrutura e carteira de servizos de cada área sanitaria; das potencialidades da tecnoloxía avanzada; das tendencias do mercado e, ademais, das características organizativas do sistema sanitario a curto, medio e longo prazo.

### **Máis de 600 novos equipos**

Así, nos tres primeiros anos de implantación deste plan, a sanidade pública galega adquiriu máis de 600 novos equipos por un importe total de 31.936.318 euros. Destináronse 22,19 millóns de euros á adquisición de 46 equipos de alta tecnoloxía (20 TAC, nove resonancias magnéticas, catro telemandos, tres salas de hemodinámica e outros tantos equipamentos de radioloxía vascular, así como dous aceleradores lineais e dous sistemas de litotricias).

O equipamento de monitorización divídese en 203 monitores avanzados, 104 básicos, 35 de transporte, 13 centrais de monitorización e un monitor ECG clínico, por un importe total de 4.150.368 euros.

Do mesmo xeito, os 2.817.198 euros destinados a equipamento de radioloxía convencional investidos nos anos 2006, 2007 e 2008, divídense en 37 equipos portátiles de raios x, 16 salas de raios x para os centros de saúde, catro mamógrafos, dous ortopantomógrafos, unha sala analóxica e un tórax dixital.



O investimento do Servizo Galego de Saúde na adquisición de 181 respiradores ascende aos 2,2 millóns de euros, e os oito ecógrafos supuxeron un investimento de 494.002 euros.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A RESERVA DE MÁIS DE 1.500.000 EUROS PARA SOLUCIONAR A SITUACIÓN DO BARRIO DE CELEIRIÑO, EN VIVEIRO

- *As actuacións consistirán na adquisición de oito novas vivendas para entregar ás familias afectadas pola deterioración dos seus inmobles, e no financiamento das obras de rehabilitación doutras 21 vivendas*
- *Os terreos das oito vivendas que hai que demoler irán destinados a equipamentos públicos*

O Consello da Xunta aproba a reserva de 1.503.2165 euros con cargo aos orzamentos de 2009 para solucionar a situación das familias afectadas pola deterioración dunha parte significativa dos edificios do barrio do Celeiriño, no concello de Viveiro. O Consello tamén aprobou a declaración de urxencia para poder facer efectivas o antes posible as axudas para os afectados.

A proposta da Consellería de Vivenda e Solo, de acordo cos informes remitidos no seu día polo Concello de Viveiro, inclúe unha dobre actuación en función do estado das vivendas. Por unha banda, subvencionar a adquisición de oito novas vivendas para entregar ás familias propietarias dos oito inmobles que se atopan en estado de total deterioración. O investimento total previsto ascende a 873.216 euros, é dicir, 109.152 euros para cada vivenda, contía que se corresponde co prezo que ten unha vivenda protexida de prezo xeral no concello de Viveiro.

O Concello de Viveiro será o responsable de buscar e adquirir estas oito vivendas en colaboración coas familias afectadas e a consellería aboará o importe ao concello unha vez que presente os correspondentes compromisos de contrato de compravenda. A cambio os propietarios deben ceder as actuais vivendas ao IGVS, organismo adscrito á Consellería de Vivenda e Solo, que serán derrubadas e os soares resultantes serán destinados á dotación de equipamentos públicos.

Por outra banda, segundo os informes presentados polo concello, existe un segundo grupo de 21 vivendas afectadas que precisan obras de rehabilitación. Para este segundo grupo a proposta da consellería pasa por sufragar os gastos de rehabilitación destes inmobles con axudas de ata 30.000 euros por vivenda, o que supón un investimento total previsto de 630.000 euros. Neste caso, o concello deberá emitir un informe acreditativo de que esta é a solución máis acaída para estas vivendas.

A Consellería de Vivenda e Solo traballou nas últimas semanas para buscar a mellor proposta desde o punto de vista xurídico, tendo en conta que se trata de un problema ocasionado por unha empresa privada a uns particulares.